

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZAEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL DEZAOITO

Na Casa do Concello de Valdoviño (no Salón de Sesións Plenarias) réunese no día dezaseis de febreiro de dous mil dezaeito a Corporación deste Concello para celebrar a sesión de carácter ordinario mensual con comezo ás vinte horas en primeira convocatoria. Preside a sesión o Sr. Alcalde don Alberto González Fernández, á que asisten os/as concelleiros/ concelleiras que se citan: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa (PSdeG- PSOE); don José Antonio Vigo Lago, don Esteban García Alonso, don José Antonio Rodríguez Fernández e dona M^a Cristina Freire Aneiros do Partido Popular (PP); don Luís Manuel Beceiro Rodríguez de Centristas de Valdoviño (CENVAL); don Manuel Javier Bacorelle Robles de Unidos por Valdoviño (U POR V); e coa inasistencia de don Carlos Alberto Ameneiros Serantes do Bloque Nacionalista Galego (BNG). Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; e da interventora do Concello, dona Gema Leal Insua.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

ORDE DO DÍA

I. PARTE DISPOSITIVA

1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DE BORRADORES DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES: 19.01.18 (ORDINARIA); 01.02.18 (EXTRAORDINARIA E URXENTE); 05.02.18 (EXTRAORDINARIA E URXENTE).-

Os/as concelleiros/as asistentes ás sesións que se someten a votación, aprobaron os borradores das actas en votación ordinaria e por unanimidade.

2º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CONCELLO DE ARES EN MATERIA DE PERSOAL.-

O Pleno aprobou a inclusión deste punto, non sometido a informe en comisión informativa, en votación ordinaria e por maioría, cos votos a favor da inclusión de todos os concelleiros e concelleiras, agás do Sr. Bacorelle, quen se abstén.

Proposta de Alcaldía:

“Vista a necesidade de contar con persoal de apoio no departamento de urbanismo deste Concello dada a baixa do arquitecto técnico.

Visto que ambos Concellos están amparados para a suscripción de convenios de colaboración para garantir unha prestación mais eficaz dos servizos básicos da súa competencia, en virtude do disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e nos artigos 5.2, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Constando informe da Secretaría Municipal de data 08.02.2018 favorable e constando informe de intervención emitido o 09.02.2018, no que fai constar que resulta necesario previamente efectuar modificación de crédito.

Esta Alcaldía **propón** ao Pleno da Corporación que aprobe á seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Aprobar o convenio cuio texto se transcribe literal como Anexo a este acordo, establecendo con crédito dispoñible o derivado dos aforros de gastos de persoal que deriven da baixa do aparelador municipal.

Segundo.- Remitir ao Concello de Ares o presente acordo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non entanto, o Pleno acordará o que estime máis convinte.

Valdoviño, 9 de febreiro do 2018.”

ANEXO

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E O CONCELLO DE ARES EN MATERIA DE PERSONAL

En Valdoviño , a de 2018

COMPARECEN

Por unha parte, Don Alberto González Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Valdoviño, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por outra parte, Don Julio Iglesias Redondo, Alcalde-Presidente do Concello de Ares, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

1º.- Que ambas entidades locais están amparadas para a suscripción de convenios de colaboración para garantir unha prestación mais eficaz dos servizos básicos da súa competencia,

en virtude do disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e nos artigos 5.2, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

2º.-A Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia, regula no seu artigo 209 a realización polo persoal funcionario propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais establecendo que de acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local indicando que para elo as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, o cal especificará o ámbito de aplicación, os servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local, o persoal asignado aos devanditos servizos e as funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

3º.- O Concello de Valdoviño, actualmente ten a dous funcionarios; un arquitecto e un arquitecto técnico municipal adherido aos servizos urbanísticos en situación administrativa de baixa, o que repercute directamente nunha ralentización da tramitación dos expedientes que derivará nun perxuízo para os cidadáns.

4º.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación, así cabe mediante a necesaria colaboración entre distintas administracións locais, poder prestar aos veciños servizos de calidade.

5º.- Que o Concello de Ares dispón entre os seus medios persoais, dun arquitecto técnico municipal que lle pode dar cobertura as necesidades deste Concello na materia que nos ocupa.

1. CLAUSULAS

1ª.- Obxecto do Convenio e ámbito de aplicación. O presente Convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre os comparecentes, posto que os dous concellos teñen interese en articular un cauce de colaboración para que a persoa designada polo Concello de Ares, que está conforme coa dita designación, poida desenvolver as súas funcións no departamento de urbanismo do Concello de Valdoviño, de xeito temporal e entre tanto non se seleccione a personal funcionario interino para realizar estas funcións.

2ª.- Servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local e detalle das funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

O arquitecto técnico designado emitirá os informes correspondentes nos expedientes que se tramiten no departamento de urbanismo do Concello de Valdoviño.

3ª.- Forma de colaboración das partes

O traballador do Concello de Ares desenvolverá as súas funcións, en horario de tarde/mañá nas dependencias administrativas do Concello de Valdoviño, na Casa Consistorial.

O Concello de Valdoviño transferirá mensualmente ó Concello de Ares os importes que deriven do seguinte cálculo:

Nº de horas de traballo realizadas mensualmente*coste hora gratificación según Acordo Regulador das Condicións de Emprego do Persoal funcionario do Concello de Ares.

Gratificación: 38,22045 €/hora

A tal efecto, nos dez primeiros días do mes seguinte, o empregado do Concello de Ares, presentará un parte de horas realizadas no mes anterior, que será asinado polo Alcalde de Concello de Valdoviño, en proba de conformidade, tramitando o gasto correspondente que será ingresado mediante transferencia bancaria.

O Concello de Ares abonará a cantidade mensual de gratificacións resultante unha vez recibido o ingreso do Concello de Valdoviño, na nómina do traballador ó final de cada mes.

4ª.- Designación do funcionario do Concello de Ares a que se lle encomenda a realización das ditas tarefas

O funcionario designado é D. Benito Calvo Castro

5ª.- Cuestións litixiosas. O presente Convenio ten carácter administrativo, réxese polo establecido nas súas cláusulas. Se non hai acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

6ª- Vixencia do Convenio. O presente convenio entrará en vigor dende o momento da súa sinatura e ata a reincorporación ao traballo do funcionario do Concello de Valdoviño, ou ata que se esgote o crédito existente aínda que en calquer momento anterior, as partes poden extinguir o dito convenio, previa comunicación a outra parte con unha antelación de 5 días, polos seguintes motivos;

- Por non ser necesaria a prestación da dita colaboración, si o Concello de Valdoviño acada igualmente un funcionamento áxil dos seus servizos urbanísticos.
- Si a persoa designada para a dita colaboración, manifesta posteriormente non estar conforme con continuar prestando os seus servizos no outro termo municipal.
- Si o Concello de Ares, estima que non é posible colaborar, con motivo de dar cobertura a necesidades propias do seu concello.

Nestes supostos o empregado designado presentará un parte das horas realizadas pendentes de abonar e no prazo, e previa conformidade da Alcaldía procederase ao abono dos importes que se determinan na cláusula terceira.

O alcalde do Concello de Valdoviño O alcalde do Concello de Ares”

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría acordou a aprobación da proposta de aprobación de convenio de colaboración en materia de persoal anteriormente descrita, así coma o contido do propio convenio.

Votos favorables de todos os concelleiros e concelleiras asistentes; agás do concelleiro Sr. Bacorelle Robles quen se abstén.

FÓRA DA ORDE DO DIA

O Grupo Municipal do Partido Popular anuncia que ten unha moción para presentar por vía de urxenza, en relación ao 8 de marzo, día internacional da muller; quedando dita urxenza ratificada pola Corporación.

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, EN RELACIÓN AO 8 DE MARZO, DÍA INTERNACIONAL DA MULLER.

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Valdoviño, conforme ao previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos piares fundamentais na construción das políticas de igualdade é a necesidade de garantir o acceso, a permanencia e a promoción no emprego en iguais condicións de oportunidades, así como garantir a elección libre de proxecto de familia e a compatibilidade deste co desenvolvemento profesional.

A conciliación, tradicionalmente, foi entendida como un ámbito a resolver polas mulleres, tamén moitas e, aínda na actualidade, víronse na tesitura de escoller entre a súa vida profesional e a familiar.

Hoxe en día, a conciliación e a xestión de traballos e de tempos é un problema que debe ser resolto tanto polos homes como polas mulleres e, debe ser facilitado e impulsado polas distintas administracións. A tal fin, a Xunta de Galicia ven de convocar, unha liña de axudas para as entidades locais de Galicia, cuxo obxectivo enmárcase no compromiso formal e prioritario da Unión Europea dende a entrada en vigor do Tratado de Ámsterdam, onde se recolle como un eixo fundamental e irrenunciabile, a consideración da igualdade entre homes e mulleres como un obxectivo horizontal chamado a integrar a totalidade das políticas da Comunidade, o que significa a aplicación do principio de igualdade de trato nos diferentes ámbitos; isto é: a loita contra a discriminación por razón de sexo no acceso o emprego, a progresión na carreira profesional, a conciliación da vida laboral e a vida privada, e a promoción de igual remuneración por igual traballo, así como a loita contra todas as formas de discriminación e a promoción da igualdade de oportunidades.

Na Extratexia europea 2020, por un crecemento intelixente sustentable e integrador, tamén se destaca a necesidade de desenvolver políticas que promovan a igualdade entre sexos co fin de incrementar a participación da poboación laboral, contribuíndo así ao crecemento e á cohesión social.

Así pois, a liña de axudas da Xunta de Galicia ás Entidades Locais, ten por obxecto facilitar a implantación de programas e medidas de igualdade no ámbito local, como son os programas de fomento da conciliación, sempre que os seus obxectivos respondan ao

fin de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laboráis e familiares; así como os Bancos de tempo, coa finalidade de facilitarlles ás persoas un sistema articulado de intercambio destinado a subministrar servizos e/ou coñecementos entre mulleres e homes dun contorno dado, cuxa medida é a hora de tempo.

Falamos tamén, nun chanzo máis, de corresponsabilidade, entendendo ésta como a participación alicuota dos distintos membros das unidades de convivencia nos traballos domésticos e coidado.

Por outro lado, é de vital importancia traballar na sensibilización social en relación coas vantaxes dunha organización social corresponsable e das medidas para a harmonización da vida privada e laboral, así como na paternidade responsable, exemplificando no uso de medidas e permisos de conciliación por parte dos homes, que deben ser promovidos e fomentados. Pero pese a que se teñen dado pasos por parte de todos os axentes implicados que sen dúbida contribúen a avanzar neste eido, é necesario seguir profundizando e mellorando na planificación das políticas de igualdade.

Resulta imprescindible e necesario, que o asociacionismo feminino e a administración vaian da man no traballo en prol da igualdade, e para iso deben establecerse medidas que aseguren a súa pervivencia e sustentabilidade económica e xeracional, e que faciliten as súas importantes actividades, que reverten no só nas súas asociadas senón en toda a sociedade. Neste senso, é necesario tamén destacar o papel de cohesión e sonoridade destas asociacións, que constrúen e articulan auténticas redes de colaboración que reforzan e dan continuidade ao traballo colectivo en prol da igualdade.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular do Concello de Valdoviño solicita ao Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS

1.- Instar ao Concello de Valdoviño a:

- a) Profundizar na transformación dos valores que reproducen a desigualdade de xénero, a través de campañas e acción de sensibilización e información ó conxunto da cidadanía sobre as ventaxas sociais da conciliación corresponsable.
- b) Poñer en valor e dar visibilización á contribución feminina neste concello, a través da posta en marcha dun programa anual de recoñecemento ao labor, traballo e talento das mulleres que contribuíron ó desenrolo cultural, económico e social de Valdoviño.
- c) Promover unha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproduzan estereotipos de xénero e potenciar a transmisión de contidos que fomenten a corresponsabilidade, coa implicación dos diferentes axentes.
- d) Consolidar un sistema de apoios á conciliación dirixidos á atención á infancia, ao coidado de persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou situación de dependencia en colaboración coa Xunta de Galicia.

2.- Así mesmo, instar ao Concello de Valdoviño a dirixirse á Xunta de Galicia e instala a:

a) Continuar e mellorar as liñas de axuda para as Entidades Locais en colaboración ca Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxectivo de mellorar os recursos a disposición da cidadanía en prol da Igualdade de Xénero.

b) Seguir na procura do fortalecemento do tecido asociativo feminino en xeral e, moi particularmente no ámbito rural, a través de liñas de axudas e programas.

c) Realizar campañas de divulgación e visibilización da contribución das mulleres galegas nos ámbitos da cultura, a ciencia, o deporte, así como noutras especialidades, como referentes necesarios para a sociedade en xeral e a mocidade en particular.

Valdoviño, a 16 de febreiro de 2018.

Aso: José A. Vigo Lago

Voceiro Partido Popular.”

DEBATE

Sr. Alcalde.- Qué temos que facer?

Sr. García Alonso.- A imaxe que utiliza a Deputación dunha muller espida e dous homes vestidos é un estereotipo de xénero.

Sra. Sabín Fernández.- Non ten nada de malo.

Sr. García Alonso.- Hai xente que xa protestou.

Sr. Bacorelle Robles.- Ten razón o Sr. García Alonso porque é un tema moi sensible e está presente na prensa.

Sr. García Alonso.- Se estiveran todos espidos, non habería problema, pero soio está espida a muller.

Sr. Beceiro Rodríguez.- Cando os gobernos nacionais e autonómicos queiran facer algo teñen que comezar pola educación nos colexios.

Sr. Bacorelle.- Vou votar a favor da moción do PP, podese estar de acordo ou non con algúns aspectos.

O Pleno da Corporación, en votación ordinaria e por maioría dos presentes, rexeitou a anterior moción do PP. Votos a favor da aprobación do Partido Popular e de Unidos Por Valdoviño: 5 votos. Votos en contra do PSOE: 6 votos e abstención de CENVAL: 1 voto.

II. CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

3º.-DAR CONTA AO PLENO DE DECRETOS DA ALCALDÍA (EMITIDOS DENDE O 02/01/18 AO 08/02/18).-

En virtude do estipulado no artigo 42 do ROFRXEL procedese a dar conta á Corporación dos decretos da Alcaldía que se ditaron entre o 02 de xaneiro e o 08 de febreiro de 2018 e que comprenden os números de decretos do 1 ao 42 do ano 2018 co

fin de que os concelleiros/as coñezan o desenvolvemento da administración municipal aos efectos do control e fiscalización dos órganos de goberno previstos na LRBRL.

O Pleno deuse por enterado.

4º.- DAR CONTA DE INFORMES ECONÓMICOS.-

Dáse coñecemento á Corporación do informe sobre cumprimento prazos para o pago das obrigas do concello previsto na Lei 15/2010 de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, durante o 4º trimestre do ano 2017.

O Pleno tomou razón do informe.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Informa o Sr. González Fernández da visita da Valedora do Pobo para tratar asuntos do Concello, coma as denuncias de veciños, o problema da Lagoa e a situación de urbanizacións pendentes e onde a SAREB non quere actuar, porque teñen a débeda pero aínda non teñen a posesión.

Sr. Vigo Lago.- ¿Executouse o da garantía de Covacano?

Sr. Alcalde.- Iniciarónse os trámites.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL UNIDOS POR VALDOVIÑO

Sr. Bacorelle Robles.- Fíxose algo respecto ao campo de fútbol de herba artificial?

Sr. Alcalde.- Está solicitado.

Sr. Bacorelle.- Temos algunha novidade en relación ao edificio do Siroco?

Sr. Alcalde.- Ningunha.

Sr. Bacorelle.- Cómo está o expediente de concesión do servizo do camping municipal?

Sr. Alcalde.- Está pendente de informe técnico.

Sr. Bacorelle.- E o da concesión do chiringuito da Praia?

Sr. Alcalde.- En Xunta de Goberno do vindeiro xoves imos levar a aprobación do inicio do expediente de licitación.

Sr. Bacorelle.- Espero que os baños das praias estean abertos para a Semana Santa.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CENVAL.-

Sr. Beceiro Rodríguez.- Estamos pendentes da limpeza dun camiño rural.

Sr. Alcalde.- Cando cesen as choivas.

Sr. Beceiro.- Hai que pedir que se limpen ben as cunetas e a terra que se desprendou na zona do cemiterio de Valdoviño.

Sr. Vega Fernández. - Recolleuse onte

Sr. Beceiro.- Hai que axilizar o do Planeamento Municipal.

Sr. Alcalde.- Xa nos enviaron da Xunta os pregos.

Sr. Beceiro.- Funciona a biblioteca?

Sr. Alcalde.- Está en obras.

Sr. Beceiro.- Enviaronse ao Xulgado facturas da empresa Viaqua das que aprobamos o outro día?

Sr. Alcalde.- Non o sei.

Sr. Beceiro.- Parece que sí.

INTERVENCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL PARTIDO POPULAR.-

Sr. Vigo Lago.- Cando se cambiaron os alumeados públicos a Led, nunca vin ningún escrito no que se solicitara a redución da potencia.

Sr. Alcalde.- Non o sei, pero tes razón e miraremo.

Sr. Vigo Lago.- Cantas multas pagou o Concello por infraccións dos traballadores?

Sr. Alcalde.- Ningunha.

Sr. Vigo.- Vin por rexistro que solicitaron ao Concello o reintegro dunha axuda.

Sr. Alcalde.- É por un cambio de pasarelas que fixestes no voso goberno, estamos intentando solucionalo.

Sr. Vigo.- De qué é unha reclamación que presentou a empresa FCC?

Sr. Alcalde.- Estase comprobando, básicamente é pola contratación de máis traballadores.

Sra. Interventora.- Autorizouse polo Concello esa contratación de novos traballadores?

Sr. Rodríguez Fernández.- Non se autorizou polo Concello.

Sr. Rodríguez Fernández.- Cantos bonos sociais temos en relación á Movistar?

Sr. Alcalde.- Non o sei. Nós non pagamos ningún.

Sr. Vigo.- Hai alguén que pidiu información en relación á regulación catastral.

Sr. Alcalde.- Non o sei, pode ser unha modificación catastral e o rexistraron con ese nome.

Sr. Vigo.- Sábese algo máis do Planeamento?

Sr. Alcalde.- Continouse co trámite.

Sr. García Alonso.- Están as autorizacións das antenas de wifi?

Sr. Alcalde.- Estaba mirando ese tema o arquitecto técnico municipal.

Sr. García Alonso.- Gostariame saber quen estaba na reunión do tema da Lagoa e cal era a posición das partes.

Sr. Alcalde.- Non estaban de acordo co que se está facendo e pensan que é unha barbaridade.

Estaba a Directora Xeral de Conservación da Natureza, o Subdirector desta área, a Xefa Territorial da Consellería de Medio Ambiente, o Xefe da Demaración de Costas de Galicia, o concelleiro Sr. Saavedra Gutiérrez e eu.

Sr. Rodríguez Fernández.- Cantas persoas están esperando pola Axuda no Fogar?

Sr. Alcalde.- Tres persoas. Hai que facer unha modificación orzamentaria. Tamén hai moita xente esperando informes da Xunta.

Sr. Rodríguez Fernández.- En hora boa.

Sen ningún outro asunto que tratar e sen máis rogos nen preguntas, a sesión chega ao remate e queda levantada polo Sr. Alcalde, cando son as vinte e dúas horas e vinte minutos. Do que, como Secretaria, redato esta acta sobor do acontecido na sesión e CERTIFICO.

V. e Pr.
O Alcalde,

A Secretaria,